

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN  
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL  
SESIÓN ORDINARIA DO 18 DE ABRIL DE 2016**

**A C T A**

Ás 16:00 horas do día indicado, reúnense na sala común de e-meeting do mestrado os membros reseñados a continuación:

**Asistentes (6):**

Beatriz P. Comendador Rey, Álvaro Arizaga Castro, Natalia Caparrini Marín, Cristina Montojo Santos, Belén Riveiro Rodríguez e M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz.

**Desculpan a súa ausencia (1):**

Mercedes Solla Carracelas.

**ORDE DO DÍA:**

**1.- Informe da presidenta.**



Páxina web: Abel Estévez de Arinfo eliminou a páxina comercial do mestrado e comenzou o traballo de renovación e posta a punto da web oficial.

Durante as últimas semanas están escribindo unha media diaria de dúas persoas para pedir información sobre o mestrado, cun aumento notable das consultas dende Portugal.

Durante a última semana de abril celebrárase unha reunión da coordinadora do mestrado e o coordinador do TFM co alumnado para animalos a que presenten a solicitude de TFM.

Abríronse xa as enquisas de satisfacción e aproveitarase a reunión sobre TFM para informar aos estudantes e lembrarilles a importancia de cubrilas.

Están xeradas as actas das materias do segundo cuadrimestre. En catro materias do módulo 3 (todas salvo a da prof<sup>a</sup>. Teresa Rivas) aparece a coordinadora Beatriz Comendador



como responsable, en vista do cal realizouse unha consulta á Secretaría Xeral para aclarar se se trataba dun erro. En previsión de que fora así, a coordinadora enviou os datos dos profesores desas materias para subsanalalo.



Respecto ao TFM a coordinadora comunica á CAM que neste curso o sistema de actas seguirá igual que ata o momento, sendo asinadas polo coordinador Domingo Rodríguez.

Por último, a coordinadora informa de que o pasado 12 de abril recibíu un correo electrónico do Subdirector Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas en Réxime Especial, da Dirección Xeral de Educación, Juan Durán Alonso, no que manifestaba o seu interese en comentar con ela "algunhas cuestións referidas á participación do profesorado da Escola de Conservación e Restauración de Pontevedra no máster". A coordinadora respondéulle, tamén vía e-mail, que non tiña problema en contactar con el e recomendoulle que, dado o avanzado da elaboración do POD do mestrado, se puxera en contacto co director da área de Posgrao ou coa vicerreitora de Organización Académica e Profesorado. Segundo Marcos Arias, director da área de Posgrao, o subdirector xeral púxose en contacto coa vicerreitora e non hai ningunha novidade respecto ao mestrado do curso 2016/2017.

O profesor Álvaro Arizaga informa á CAM a reunión que dende a Escola mantiveron con subdirector xeral, Juan Durán Alonso, e co director xeral de educación Manuel Corredoira. Segundo o profesor Álvaro Arizaga ambos os dous foron comprensivos, crían que a Escola non debía deixar de estar no mestrado e querían reunir á Comisión de Seguimento do mestrado. Segundo Manuel Corredoira, o convenio era un marco para facer un máster intercentros e polo tanto era válido para continuar coa docencia do máster. Pola súa banda Juan Durán preguntou como se pagaba ao profesorado da Escola e afirmou que todo tiña que seguir igual que antes.

A Escola mantivo tamén unha reunión con Dolores Castro Pais, encargada das ensinanzas artísticas da ACSUG, na que esta manifestou quere era importante que a Escola seguise participando no mestrado e que debían pedir por escrito a normativa da que derivaba a decisión da universidade. En consecuencia, o profesor Álvaro Arizaga manifesta que pedirá á universidade a normativa por escrito.

Beatriz Comendador indica que a consulta sobre a normativa xa se fixo dende a coordinación do mestrado e a resposta da área de Posgrao foi que a normativa da que dependen os cambios non é interna senón de rango superior e polo tanto de obrigado cumprimento.



O profesor Álvaro Arizaga conclúe que non ten moitas esperanzas de que se solucione o problema; que teñen ademais outro problema de profesorado máis grave coa Xunta; e que os horarios serían difíciles de encaixar.

A coordinadora comenta que se presentarían ademais outros dous problemas: o primeiro porque xa se está informando ao alumnado da nova estrutura do mestrado para o curso 2016/2017 e o segundo porque en breve estará colgada a nova web.

Por último, en nome da Escola o profesor Álvaro Arizaga indica que:

- se os profesores non poden asinar actas, tampouco poderán participar nos tribunais do TFM.
- os materiais de Moodle son privativos e polo tanto non poden ser utilizados para o mestrado do próximo curso, salvo permiso concedido de forma explícita por cada profesor/a.
- en breve sairá na prensa que a Escola non vai participar no mestrado o próximo curso.

A coordinadora responde que neste curso non hai ningunha diferenza respecto ao TFM, no que segue asinando actas o coordinador. Respecto aos materiais en Moodle afirma que ela como coordinadora é a única que ten acceso a eles e que lle parece lóxico que os retiren.

## **2.- Aprobación, se procede, das actas das sesións do 10/03/2016 e do 15/03/2016.**



Apróbanse por asentemento as actas das sesións do 10/03/2016 e do 15/03/2016.

## **3.- Aprobación, se procede, de solicitudes de Traballos Fin de Máster 2015/2016.**

Non se presentou ningunha solicitude.

## **4.- Aprobación, se procede, dos tribunais de Traballos Fin de Máster 2015/2016.**

A profesora Cristina Montojo solicita ser exonerada de participar en atención á súa presenza nos tribunais de novembro e comunica que no caso de non poder asinar actas, non participaría nos tribunais.



O profesor Álvaro Arizaga anuncia a súa intención de dimitir da Comisión Académica.

A profesora Natalia Caparrini afirma que o compromiso do profesorado debe manterse durante este curso pero que se as normas cambian, ve lóxico que se neguen a participar.

A secretaria Beatriz Vaquero considera que o compromiso do profesorado para este curso debe ser indiscutible, incluso con cambios nas normas.

A profesora Belén Riveiro mantén que se non hai cambios deben continuar vixentes os compromisos neste curso e que, en caso de que se produza algún, ese sería o momento en que deberíamos falar sobre como abordar o problema.

A coordinadora Beatriz Comendador afirma que así como o seu compromiso co alumnado fai que ela non dimita, pide ao resto do profesorado que fagan o mesmo, incluso se cambian as condicións. De feito, se finalmente hai cambios afectarían tamén á coordinadora que deberá asumir a coordinación dunhas materias nas que non estaba incluída.

O profesor Álvaro Arizaga indica que el pode dimitir pero podería entrar outro compañeiro da Escola. Por outra parte afirma que non asinar actas nin estar nos tribunais forma parte do dereito ao pataleo e pode facer reaccionar á universidade.



Procédese a votar a proposta de tribunais de TFM, obtendo os seguintes resultados:

- Beatriz P. Comendador Rey: si
- Álvaro Arizaga Castro: non
- Natalia Caparrini Marín: si
- Cristina Montojo Santos: si (condicionado)
- Belén Riveiro Rodríguez: si
- M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz: si

(ANEXO 1)

Finalmente acórdase convocar unha reunión extraordinaria da CAM en caso de que se produzan cambios relacionados coa sinatura das actas ou co sistema de actas do TFM.

[O 20/04/2016 a sección de Posgrao e Formación Continua notificou a corrección dos erros na adxudicación das actas de xuño: *vide* ANEXO 2]



**5.- Aprobación, se procede, da convocatoria de bolsa ou bolsas de desprazamento para a realización de prácticas académicas externas no curso 2015/2016.**

Apróbase por asentemento convocar catro bolsas de desprazamento: dúas de 500 € e dúas de 300 € (ANEXO 3).

**6.- Rolda de intervencións.**

E sen máis asuntos que tratar, remata a sesión.

Ourense, a 18 de abril de 2016

A Coordinadora

Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria


Asdo. Mª Beatriz Vaquero Díaz

**DILIXENCIA**


Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 18/05/2016.

A Secretaria,

Mª Beatriz Vaquero Díaz



HTCO<sub>3</sub>



MÁSTER EN VALORACIÓN,  
GESTIÓN E PROTECCIÓN DO  
PATRIMONIO CULTURAL

## ANEXO 1: Tribunais TFM curso 2016/2017



**Proposta tribunais  
15-16.pdf**

## [ANEXO 2: Notificación corrección adjudicación actas xuño 2016 do 20/04/2016]



**Notificacion\_correc  
cion\_erros\_adjudica**

## ANEXO 3: Bolsas de desplazamento curso 2015/2016



**Bolsas\_Desprazame  
nto\_Master\_Patrimo**



**Credito\_Bolsas\_Des  
prazamento\_Master**